

e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Pontevedra, 28 de outubro de 2009.

Ignacio Rial Santomé
Xefe territorial de Pontevedra

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edicto do 29 de outubro de 2009, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación da Porteliña, A Cidá e O Castelo, por solicitude dos veciños da Pena, no concello de Xinzo de Limia (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data do 20 de outubro de 2009, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal e man común do monte denominado A Porteliña, A Cidá e O Castelo, a solicitude dos veciños de Pena, no concello de Xinzo de Limia, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro.-Con data do 22 de marzo de 2007 tivo entrada no rexistro do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Ourense escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de veciños da Pena, concello de Xinzo de Limia, no que solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños da Pena.

Segundo.-Con data do 14 de outubro de 2008 o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal e man común do referido monte, designando instrutor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a

execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

Cuarto.-O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Concello: Xinzo de Limia.

Denominación do monte: A Porteliña, A Cidá e O Castelo.

Comunidade veciñal solicitante: veciños da Pena (Xinzo de Limia).

Superficie: 271.800 m².

Parcela: A Porteliña.

Superficie: 49.000 m².

Lindeiros:

Norte: José Gómez Estévez; Rosa Gil Enríquez; Gracia Rodríguez Téllez; Rosa Gil Enríquez; Manuel Rivero Santana; Nélida Blanco.

Sur: Serafín Blanco Téllez; Leopoldo Núñez Blanco; Asunción Gómez Gómez; Servando Rivero Martínez; Leopoldo Núñez Blanco.

Leste: José Núñez Gómez; Rosa Gil Enríquez; José Gómez Boquete; Manuel Gómez Boquete; Manuel Baltar Gómez.

Oeste: Manuel Gómez Martínez; Manuel Rivero Santana; Antonio Baltar Gómez; Nélida Blanco; José Ramos Díaz.

Parcela: A Cidá.

Superficie: 111.000 m².

Lindeiros:

Norte: Camilo Blanco; Josefina Baltar; Arsenio Joga Nóvoa; Manuel Conde Baltar; José Barge; Manuel Rodríguez Barge; Servando Gómez Martínez.

Sur: monte veciñal en man común de Morgade.

Leste: Ángel Núñez Blanco; camilo Días Téllez; Dolores Mellado; Antonio Baltar Gómez; Eliseo Díaz Nóvoa.

Oeste: Servando Rivero Martínez; Juan Blanco; Manuel Mellado Álvarez; Manuel Conde Baltar; Nélida Blanco; José Gil; Miguel Blanco; Federico Gómez.

Parcela: O Castelo.

Superficie: 111.800 m².

Lindeiros:

Norte: Manuel Rivero Santana; Isaac López; Manuel Rodríguez Barge; Antonio Casas Castillo.

Sur: Celso Blanco; Manuel Baltar Gómez; Manuel Mellado Álvarez; Isaac Santana; José Corbal López;

Regina Morales; Concepción López Conde; Jesús Folgado Estévez; Isabel Gómez Rodríguez; José Barge Taboada.

Leste: Camilo Díaz Téllez; Antonio Baltar Gómez; Manuel Mellado Álvarez; Hilario Santana Corbal; Milagros Rodríguez Barge; Isabel Gómez Rodríguez; Manuel Rodríguez Barge.

Oeste: Serafín Blanco Téllez; Hilario Santana; José Barge Taboada; Rosalía Gómez Gómez; Antonio Baltar Gómez; Serafín Blanco Téllez; Hilario Santana; Elisa Núñez Blanco; José Ramos Díaz; Encarnación Gómez Gómez; José Díaz Limia; Concepción López.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña disfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se producise ningunha reclamación de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial, por unanimidade dos seus membros

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños da Pena, no concello de Xinzo de

Limia, o monte denominado A Porteliña, A Cidá e O Castelo coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recuso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 29 de outubro de 2009.

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

Anuncio do 29 de outubro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se emprazan os interesados para seren notificados por comparecencia no expediente sancionador SAN-CO-0128/2009-MP e dous máis.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal dúas veces, emprázanse os interesados que se sinalan no anexo para seren notificados por comparecencia.


O acto foi adoptado polo xefe territorial.

A comparecencia deberase efectuar, no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na sede do Servizo Xurídico Administrativo do Departamento Territorial do Medio Rural sito na praza de Luís Seoane s/n, edificio administrativo -3º andar-Monelos (A Coruña) das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte.

A Coruña, 29 de outubro de 2009.

Enrique Luis de Salvador Sánchez
Xefe territorial da Coruña



PLANO DO MONTE A CIDA
POBO DE PENA
CONCELLO DE XINZO DE LIMIA


SUPERFICIE 11,10 HAS.

Castro da Cida

Dornas

O Torgal

Escala 1:5000



609600

609800

610000

610200

610400

610600

PLANO DO MONTE A PORTELIÑA
POBO DE PENA
CONCELLO DE XINZO DA LIMIA

4660800

4660600

4660400

4660200

4660800

4660600

4660400

4660200

SUPERFICIE 4,90 HAS.



O Pilo

A Pedriza

A Pena

A Poula da Xoana

Escala: 1:5000

609600

609800

610000

610200

610400

610600